



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. SALVATERRA DE MIÑO

F.S.E.

SEMINARIO SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR: MEDIACIÓN ESCOLAR

IES SALVATERRA DE MIÑO

CURSO 2015 - 2016

Coordinador: Andrés E. Cabana González

Asesora: Ana Mariño Álvarez



1.- TÍTULO DO SEMINARIO

"Convivencia escolar: mediación escolar"

2.- XUSTIFICACIÓN

No IES Salvaterra de Miño levamos varios anos traballando no tema de convivencia a través da competencia Social e Cidadá. Chegados a este punto queremos dar un salto de calidade e crear un equipo de mediación entre o alumnado do centro. Para iso necesitamos formarnos para poder formar. Ao longo do curso 2014/2015 xa recibimos formación pero quedaron cousas sen facer que pretendemos rematar neste curso 2015/2016.

A idea principal é a de ir dando pequenos pasos ata chegar a ter un equipo de mediación escolar entre o noso alumnado que sexa capaz de resolver conflitos leves xurdidos entre o propio alumnado.

Un primeiro paso é o de nomear observadores de aula que traten de facer intervencións dentro dun entorno reducido (aula) para, posteriormente, seleccionar posibles candidat@s a mediadores, formalos e crear, definitivamente, un equipo estable de mediación que poida irse renovando ano tras ano. Ese equipo de mediación deberá actuar segundo un protocolo que deberemos de establecer e que será, tamén, parte do traballo a desenvolver neste seminario.

Indicar que o Plan de Convivencia está elaborado dende hai un par de anos e estase poñendo en práctica. Para a súa elaboración foi levado a cabo un análise da convivencia no centro no que participaron todos os sectores implicados (persoal docente, alumnado, persoal non docente, nais e pais). Ao longo do curso pasado, e dentro do PFPP do IES Salvaterra de Miño, estableceuse un grupo de traballo de mediación no que xa recibimos formación en relación á mediación escolar. É neste curso, por tanto, cando debemos crear, definitivamente, ese equipo de mediación, facer mediacións prácticas e avaliar os resultados desas mediacións para tratar de corrixir, en posteriores cursos, os defectos ou os inconvenientes atopados.

3.- OBXECTIVOS

Aclarar, primeiramente, que a pretensión deste seminario, por riba de todo, é mellorar a convivencia no centro escolar. Ese é o obxectivo final xeral.

Para tratar de conseguir ese obxectivo xeral a través deste seminario, pretendemos acadar os seguintes obxectivos específicos:



- Elaborar un protocolo de mediación.
- Formarnos e formar ao noso alumnado en mediación escolar
- Crear un equipo de mediación escolar
- Levar a cabo actuacións de mediación.

4.- CONTIDOS

I. Mediación

- a. Definición e características.
- b. O mediador. Perfil.
- c. Ferramentas para mediar

II. Deseño dun protocolo para a posta en marcha dun servizo de mediación.

III. Coordinación entre o servizo de mediación e outros órganos ou comisións creadas no centro (grupo de convivencia, comisión de convivencia, ...)

IV. Posta en marcha e difusión do servizo de mediación.

5.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES

- Presentación do seminario na que se marcarán as liñas básicas de traballo e se tomarán decisións acerca das actuacións a desenvolver (sesión en grupo).
- Elaboración dun protocolo de mediación (sesións en grupo e sesións individuais).
Establecemento das liñas básicas de mediación: quen media? Cando se pode facer mediación? En que momento? Onde? Como levar un rexistro das mediacións feitas? ...
- Selección de alumnado observador de aula (nas sesións de titoría do alumnado)
- Análise das actuacións efectuadas pol@s observador@s de aula: que intervencións se fixeron? Como se fixeron? Que resultados se otiveron? Que estratexias foron seguidas? ...
- Selección de posible alumnado para formar parte do equipo de mediación escolar.
- Formación en mediación, tanto de profesorado como de alumnado seleccionado, por parte de expertos (dúas sesións de tres horas cada unha). Esta formación deberá ser complementaria da que xa foi feita ao longo do curso 2014/2015 e sería interesante poder contar nunha sesión con alguén que nos formara de forma teórico – práctica e con outra sesión na que se nos contara unha experiencia da posta en práctica dun servizo de mediación para poder contextualizar ao noso centro.
- Sesións prácticas de formación do alumnado mediador: nestas sesións trataremos de amosar ao alumnado seleccionado o modo en que deben ou poden ser usados os recursos e materiais



dispoñibles ou elaborados para levar á práctica a mediación escolar (un bo punto de partida pode ser o “caderno de mediación” presentado por profesoras do IES Chamoso Lamas de Carballiño e a sesión de docencia impartida por Xabier García do IES Fin do Camiño nas sesións de formación do curso 2014/2015) (estas sesións serán de dúas horas)

- Elaboración de materiais de referencia para levar a cabo as actuacións do servizo de mediación escolar (sesións de grupo)
- Posta en práctica do servizo de mediación escolar.
- Análise e valoración da posta en práctica do servizo de mediación.

6.- METODOLOXÍA QUE SE PRETENDE SEGUIR

Partindo dos coñecementos adquiridos e dos materiais elaborados nas sesións do curso 2014/2015, pretendemos seguir unha metodoloxía eminentemente práctica para chegar a formar ese equipo de mediación escolar que logo poida realizar mediacións na práctica.

A maioría das sesións serán colaborativas de xeito que poidamos participar da formación do noso alumnado e da nosa propia.

En todo caso, haberá unha parte máis teórica e que requirirá de traballo individual: será a referente á elaboración de protocolos e materiais para a mediación. Esta parte necesitará da lectura individual de textos referentes á mediación escolar e referentes á protocolarización dun servizo de mediación para logo expoñer en común as ideas e propostas que nos permitan perfilar un protocolo axeitado ao noso centro escolar e uns materiais cos que vaia traballar o alumnado pertencente ao equipo de mediación.

Todos os materiais de traballo do seminario, así como os documentos que se obteñan, materiais que se vaian elaborando, ... estarán dispoñibles para todos os membros do seminario (e, tamén, para todo o alumnado seleccionado para o equipo de mediación) nun curso creado na aula virtual do IES Salvaterra de Miño, que será a continuación do xa creado ao longo da formación levada a cabo o pasado curso 2014/2015.

7.- ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

O proxecto desenvolverase entre novembro de 2015 e maio de 2016 cunha duración de **30 horas**, das que 6 serán de docencia, 6 de traballo individual e 18 de traballo en grupo e elaboración de materiais.

O calendario de sesións será, salvo posibles modificacións por causas debidas ao persoal que realice as ponencias das sesións de docencia ou imprevistos xurdidos á maioría dos membros que formen parte do seminario, o que se reflicte no apartado 8 do presente proxecto.

O coordinador do seminario será Andrés E. Cabana González, que será o encargado de:



- ✓ Servir de enlace directo entre os membros do seminario e a asesora do CFR dona Ana Mariño Álvarez.
- ✓ Coordinar as sesións de docencia externa cos responsables da mesma.
- ✓ Convocar as diferentes sesións.
- ✓ Redactar as actas das sesións celebradas.
- ✓ Recoller e rexistrar as follas de asistencia.
- ✓ Coordinar a elaboración de materiais, a avaliación e a memoria final.

O resto de participantes no seminario terán como tarefas as seguintes:

- ✓ Asistir ás sesións de grupo convocadas polo coordinador (como mínimo un 85%)
- ✓ Colaborar na elaboración de materiais e na formación do alumnado mediador.
- ✓ Poñer en práctica os materiais elaborados.
- ✓ Colaborar nas xuntanzas de reflexión.

Corresponderalle á asesora do CFR a selección do persoal encargado de impartir as 6 horas de docencia (repartidas en dúas sesións de 3 horas cada unha) aos membros do seminario e ao alumnado seleccionado para formar parte do equipo de mediación se así se estima oportuno.

En canto aos recursos materiais simplemente destacar a necesidade fundamental de material bibliográfico que podemos atopar en diferentes páxinas web, na nosa aula virtual (material proporcionado ao longo do curso 2014/2015) e necesitaríamos facernos con algún exemplar de libros específicos de mediación como “Tiempo de mediación” de Carmen Boqué. Ademais do material bibliográfico, xa dispomos dun espazo virtual en forma de curso na aula virtual no que recoller todo o material que se vai elaborando, conclusións e acordos aos que imos chegando, ...

Necesitamos, tamén, contar con fondos destinados a reprografía para tratar de traballar en papel cando formemos ao alumnado e fagamos prácticas de mediación.

8.- TEMPORALIZACIÓN

Sesión	Tipo	Data	Hora
1.- Presentación do seminario: liñas básicas de traballo; actuacións a desenvolver	Grupo	4/11/2015	2 h 14:30-16:30
2.- Lectura de protocolos de mediación. Contextualización ao IES Salvaterra de Miño	Individual (non presencial)	12/11/2015	3 h



3.- Posta en común das ideas extraídas para a elaboración. Reparto de traballo para a elaboración do protocolo de mediación	Grupo	18/11/2015	2 h 14:30-16:30
4.- Elaboración das diferentes partes do protocolo	Individual (non presencial)	26/11/2015	3 h
5.- Protocolo de mediación. Análise das actuacións dos observadores de aula.	Grupo	2/12/2015	2 h 14:30-16:30
6.- Docencia externa: sesión teórico – práctica	Grupo	12/01/2015	3h 16:00–19:00
7.- Coordinación para a formación do alumnado	Grupo	20/01/2015	2 h 14:30-16:30
8.- Docencia externa: experiencia dun centro de secundaria que teña implantado un servizo de mediación	Grupo	2/2/2015	3h 16:00-19:00
9.- Formación práctica do alumnado seleccionado	Grupo	17/02/2015	2 h 14:30-16:30
10.- Formación práctica do alumnado seleccionado	Grupo	2/3/2015	2 h 14:30-16:30
11.- Formación práctica do alumnado seleccionado	Grupo	30/3/2015	2 h 14:30-16:30
12.- Coordinación para a realización de prácticas de mediación co alumnado	Grupo	13/04/2015	2 h 14:30-16:30
13.- Memoria do seminario	Grupo	18/05/2015	2 h 14:30-16:30



9.- PROCESO E CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO

A avaliación deste proxecto terá que ver, como non pode ser doutra forma, cos seus obxectivos específicos. Deste xeito, consideramos que o proxecto deba ter unha avaliación positiva cando se dean simultaneamente as seguintes condicións:

- O protocolo de mediación estea completamente elaborado.
- Sexa creado un equipo de mediación escolar.
- Sexan efectuadas actuacións reais por parte dese equipo de mediación (independentemente dos seus resultados).

10.- MATERIAIS QUE SE VAN A ELABORAR, DE SER O CASO, E COMPROMISO DE ENTREGA DOS MESMOS

Os materiais que se pretenden elaborar non son máis ca un protocolo de mediación contextualizado ao IES Salvaterra de Miño e os diferentes documentos de referencia necesarios para utilizar durante as actuacións levadas a cabo polo equipo de mediación. Estes últimos documentos formarán parte do protocolo de mediación.

Todos estes materiais estarán colgados no curso creado na aula virtual do noso centro e estarán dispoñibles para que necesite da súa utilización, comprometéndonos, ademais, a entregalos ao CFR correspondente.

11.- DECLARACIÓN EXPRESA DE NON TER RECIBIDO OUTRA AXUDA PARA ESTE FIN

Don Andrés E. Cabana González, con DNI 32652181-R, como coordinador do seminario "Convivencia escolar: mediación escolar", declara que non ten recibido nin ten solicitado ningunha achega económica para a realización do mesmo.

Salvaterra de Miño, 13 de outubro de 2015